

RESOLUCIÓN SOBRE UNHA INTERVENCIÓN NO CAMIÑO DE SANTIAGO

EXPEDIENTE: **SPR-2023-2220.AUI**

SOLICITUDE: Proxecto de reurbanización da rúa das Cardosas, rúa Salgueiral e a súa continuación pola avenida Ernestina Otero (xuño de 2023)

SITUACIÓN: Vilavella

CONCELLO: Redondela (Pontevedra)

INTERESADO: Concello de Redondela

BENS AFECTOS: **Zona do ben catalogado do Camiño Portugués de Santiago pola Costa e outros.**

ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

1.- Os días 16.10.2023 e 10.02.2024, cos números 51963/RX2793385 e 7051/RX439711 de entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia no Edificio Administrativo de Pontevedra, recíbese unha solicitude, presentada polo Concello de Redondela (exp. núm. 2111/2023), e remitida polo Servizo de Patrimonio Cultural de Pontevedra, para que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (DXPC) autorice as obras descritas no Proxecto de reurbanización da rúa das Cardosas, rúa Salgueiral e a súa continuación pola avenida Ernestina Otero, de xuño de 2023 e asinado o 14.06.2023 polos arquitectos Juan Bautista Pons Herrera e Lucas Gándara Álvarez, colexiados núm. 3780 e 3721 do COAG, en Vilavella, Redondela, situadas en parte no ben catalogado territorio histórico do Camiño Portugués de Santiago pola Costa, segundo o Plan Básico Autonómico (PBA), que foi aprobado definitivamente no 2018 (actualizado 2023), e polo tanto, integrado no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia (artigo 30.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia).

2.- Ademáis as obras están en parte dentro do contorno de protección do Templo parroquial de Vilavella e convento Xustiniano (ex-convento de Vilavella) e do Viaduto do Ferrocarril (tramo





Ourense, Madrid), catalogados nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Redondela, aprobadas definitivamente no ano 1988, e tamén no PBA, e polo tanto integrados no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia.

E, malia que non figura como catalogada, hai que destacar que lindeira á localización das actuacións existe unha ponte histórica 'A Marca do Rei' na traza do Camiño Portugués pola Costa. Segundo a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, é un elemento funcional do Camiño de Santiago (artigo 74.2) e posúe un significativo valor arquitectónico (artigo 88.1.f). No Estudo Histórico de Conformación do espazo vinculado ao Convento de Vilavella na actual praza de Pontearreas, de marzo de 2021, do arqueólogo Xurxo Constela Doce (antecedentes no exp. 2020/0721), **a describe como segue:**

Para salvar a depresión do río Maceiras a actual estrada de Vigo transcorre sobre unha ponte histórica recoñecida como "A Marca do Rei" por ter a ámbolos dous lados da vía dous "escudos"ou "pantallas" sen labrar, so conta cun breve epígrafe un deles.

A ponte actual conta cun so arco pero despréndese dunha vella acuairela realizada polo inglés G Vivian que a estrutura sería máis complexa e podería contar incluso con catro arcos.

A ponte actual ten en torno a 23 m. de lonxitude entre estribos e 8 m. de anchura, e conta cun arco amplo de medio punto de 8,50 m. de ancho e unha altura de entre 2 e 3 m. A ponte conta cun peitoril de pedra a cada lado de 70 cm. de alto. A ponte carece de beirarrúas para o paso de peóns e recentemente foi construído por fóra da ponte, na súa cara norte, unha estrutura de madeira que fai de paso para camiñantes.

As pantallas representan "leguarios" da vía ou camiño real a Porriño dende Redondela. Pódese apreciar que as pedras están gravadas sobre unha capa antiga de cal, con luz axeitada pódese ler, na situada na vertente norte, "...REYNANDO - EL SEÑOR..." E na situada na vertente sur "AÑO MDCCCVII". Polo que podemos concluír que a data da construción coincidindo co epígrafe sería 1807. O nome do rei está picado ao igual que vairs liñas máis do epígrafe que consideramos podería ser o mesmo nunha e noutra das pantallas da ponte (...).

Os camiños reais planificados pola monarquía borbónica no "Real Decreto expedido para hacer caminos rectos y sólidos en España, que faciliten el comercio de unas provincias con otras, dando principio por las de Andalucía, Cataluña, Galicia y Valencia" no 10 de xuño de 1761, non comezan a construírse en Galicia ata o goberno de Carlos IV.



3.-DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN_INFORME TÉCNICO DE ARQUITECTURA:

Na solicitude indica que a obra que se pretende executar está subvencionada polo Programa PON2030 da Deputación de Pontevedra, que establece como data de finalización total da obra o 30.04.2025, polo que se solicita a súa tramitación á maior brevidade posible. Tamén indica que se emitiu informe polo arquitecto municipal do 06.07.2023, pero non se xunta á solicitude.

3.1.- O día 04.08.2020, a DXPC resolveu autorizar as obras descritas no Proxecto básico xeral e proxecto de execución das fases 1 e 2 da rexeneración urbana do contorno da praza de Pontearreas (exp. núm. 2020/0721), de marzo de 2020 e asinado polos mesmos arquitectos, coa observancia das condicións que se indican nos puntos 21 e 22 dos antecedentes e consideracións técnicas desa resolución; e cos criterios que se conteñen no seu punto 20, que se transcriben parcialmente a continuación, no que afecta á fase 7, que corresponde **coa área de actuación do presente proxecto**:

“22 (...) Sobre o Rego das Maceiras, Juan Migueles indica que: as súas beiras estaban poboadas de maceiras, de feito hoxe en día celébrase a Festa da Mazá na parroquia de Negros.

(...) A modo de suxestión indicar que poderían terse en conta os topónimos Rego das Maceiras e rúa do Salgueiral, para a escollo do arboredo nesta zona (poderían introducirse algunhas maceiras - aínda que pode ser que neste treito non houbera- e/ou salgueiros comúns).

3.2.- (...) Polo que, estudada a documentación presentada, entendo que as obras solicitadas, sen prexuízo de terceiros e do cumprimento do resto do ordenamento vixente, poderían ser compatibles coa protección do patrimonio e a conservación dos valores do Camiño **co cumprimento das seguintes condicións**:

- As características estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes co contorno e coas edificacións tradicionais da zona polo que se utilizarán preferentemente pavimentos de formigón lavado de xeito que se vexan os áridos e cun acabado en tonalidade ocre, aínda que tamén poderían ser adecuados outros tipos de formigón e acabados con calidade axeitada ao carácter deste elemento patrimonial e tonalidades neutras que non destaquen na contorna. Os elementos metálicos terán un acabado mate e sen brillos. Prefírese a cor gris clara ou media para os elementos de iluminación por produciren menor contraste e destacaren menos no contorno. Tamén se poden utilizar outras cores neutras e en coherencia co resto de instalacións de iluminación pública existentes en ámbitos adxacentes. (...)

- Cumpre estudar a correcta localización dos elementos de sinalización para procurar a súa mellor





integración no contorno e evitar os elementos redundantes que poidan producir saturación no ámbito.

- Reducirase a temperatura de cor das novas luminarias led para proporcionar un ambiente de luz cálida, a uns 3000 k nos ámbitos culturais protexidos. (...)
- Dimensionaranse os elementos das redes urbanas de instalacións considerando posibles ampliacións, co gallo de que a intervención nestes contornos sexa definitiva.
- Os elementos de rexistro e de enlace colocaranse ordenadamente. De seren moi grandes, acabaranse preferentemente co mesmo pavimento, no lugar de ser unha tapa de acabado metálico ou de formigón. Os cadros eléctricos ou outros elementos de instalación que non queden soterrados levarán o correspondente tratamento de integración no contorno. (...)
- Se se atopasen lousados ou outros elementos que puidesen ter interese comunicárase á DXPC, que propondrá novas medidas protectoras e correctoras. (...)
- Evitarase realizar o amoreamento de materiais a carón do Camiño, para evitar interferencias funcionais e impactos visuais. De non atoparse outra alternativa, valarase a zona, de xeito que se reduza o impacto visual durante as obras."

Na memoria do proxecto indica que este proxecto forma parte dun anterior denominado proxecto básico xeral, que este modifica e detalla a nivel de proxecto de execución, no ámbito da fase 7.

3.3.- Os obxectivos son aumentar as beirarrúas cambiando ademais os pavimentos a lousas de granito, substituír os elementos de mobiliario urbano, e reordenar e configurar os espazos verdes, aumentando a súa superficie. Proxéctase un escenario e unha fonte lúdica na zona sur, para potencia o uso desta área. Incorporarase máis arborado e especies ornamentais. Deséñanse novos pasos peonís elevados que aumenten a seguridade. E cámbianse as luminarias por outras máis eficientes.

3.4.- Mediante a análise da zona de actuación e a súa contorna, establécense **unha serie de cuestións de carácter fundamental á hora de afrontar a resolución do espazo:**

- O tráfico. Requírese unha minoración da velocidade e unha renovación da capa de rodadura das calzadas.
- Zonas verdes e espazos de estancia. Na actualidade as zonas verdes atópanse infrautilizadas e inconexas. O espazo actual presenta un carácter residual, pouco seguro respecto do tráfico e non





permite o espaxamento. É necesario unificar zonas verdes e mellorar a calidade das mesmas. Hai que equipar os espazos de estancia para poñelos nun estado de funcionamento óptimo.

- Espazo e percorrido para o peón. O espazo para o peón e os percorridos peonís están subordinados á organización do tráfico, dificultando o tránsito polo espazo. Exponse unha reorganización do espazo para dotar ao peón dunha ordenación que antepoña o cidadán ao vehículo a fin de garantir e permitir a estancia, a relación e o goce do espazo público.

- Relación coa Praza de Pontearreas. A conexión do ámbito coa Praza de Pontearreas, a través da Avenida de Vigo, realízase dunha forma residual mediante unha escaleira que presenta un estado de conservación mínimo. Faise necesario arrombar a escaleira e aumentar a iluminación da mesma para potenciar a conexión dos ámbitos na medida do posible.

- Zonas de aparcamento. A actual configuración do espazo permite o aparcamento en zonas non permitidas que entorpece a circulación e empeora a seguridade para o peón. Deséñase unha nova sección de vía que impida o mal estacionamento, á vez que se empregan bolardos para evitar a subida de vehículos ás beirarrúas. Preténdese manter maiormente as prazas de aparcamento existentes.

- Instalación de iluminación urbana. Actualmente a iluminación urbana da zona resólvese mediante farois de tráfico rodado. Resolverase un sistema de iluminación que atenda aos coches, pero que poña especial interese na resolución da iluminación dos peóns e das zonas e lugares de relación e estancia.

Utilizarase pavimento de asfalto na calzada, de terrizo nos camiños no interior da zona verde e paseo xunto ao río (10 cm de area calcaria e conglomerante), de lousas de granito silvestre (variedade marrón, tostado ou dourado) nas beirarrúas, e de formigón en puntos especiais das beirarrúas na zona verde e zonas de paso de vehículos en ámbito de preferencia peonil. Os bordos e chanzos serán de granito e as baldosas podotáctiles de granito labrado.

Plantarase céspede na zona verde e espazos delimitadores de áreas de aparcamento ou vías de circulación. Nas zonas de aparcadoiro con céspede usarase pavimento de celosía de formigón. E no carril de acceso aos aparcamentos da zona sur disporase un pavimento mixto de céspede e PVC. Segundo o orzamento, disporase unha franxa de 60 cm de ancho ao pé dos edificios na zona verde de árido de mármore en cor branca.

Consérvanse as árbores existentes e plantaranse outras novas: freixo común (1), carballo común (1), Ginkgo biloba (6), bidueiro branco (1), amieiro común (1), castiñeiro común (1) e teixo (1). Os





arbustos serán: *camelia xapónica* (1), *festuca brigantina* (6), xestas (6) e hortensia (3). As plantas pequenas e flores previstas serán: *centaurea borjae*, *linaria ancistocarpa*, rosa, romeu, flor de San Xoán, ortiga *morta*, hedra ou similar.

Substituirase a varanda da escaleira xunto á ponte por outra de aceiro inoxidable mate. Non se indica a substitución da varanda existente xunto ao río. Os bancos serán de bloque de granito moreno ou de formigón que poden levar asento con ou sen respaldo de madeira tropical; ou de madeira con pés metálicos de fundición de aluminio. As papeleiras serán cilíndricas de chapa de aceiro (4). Os bolardos de chapa de aceiro pintado efecto cortén (10). A base para bicicletas será de tubo de aceiro inoxidable esmerilado e poliamida de cor negra.

Realizarase a sinalización viaria horizontal e vertical e as instalacións de saneamento, rego, iluminación pública (temperatura de cor 3000K), etc.

3.5.- A Guía de boas prácticas para as actuacións nos Camiños de Santiago, editada pola DXPC en marzo de 2016 (<https://www.cultura.gal/gl/caminos-santiago>), ten por obxecto achegar '*criterios sobre como actuar no territorio histórico dos camiños de Santiago, de modo que se garanta a salvagarda das súas características tradicionais, culturais e paisaxísticas*'.

3.6.- Esta zona da reurbanización, a fase 7, foi informada a nivel de proxecto básico no expediente 2020/0721 deste servizo. Na memoria indica que se realizan modificacións respecto dese proxecto básico, pero non se detectan modificacións significativas desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural. Trátase de pequenos cambios na distribución dos tipos de pavimentos ou na localización dos elementos de mobiliario, etc.

Destaca a inclusión dunha fonte lúdica no parque próximo á ponte histórica 'A Marca do Rei'. Tamén se inclúe arborado na rúa das Cardosas, visible desde a traza do Camiño Portugués pola Costa e se amplía a zona vexetada nas proximidades do Viaduto do Ferrocarril (tramo Ourense, Madrid). Polo que entendo que as modificacións contribuirán á mellora das contornas dos bens ou do territorio histórico do Camiño Portugués.

Da resolución do 04.08.2020 da DXPC, do exp. 2020/0721 reitérase a suxestión de ter en conta os topónimos Rego das Maceiras e rúa do Salgueiral, para a escolla do arboredo nesta zona, e tamén algunhas das condicións xa sinaladas nesta.

4.- O día 29-02-2024 asínase INFORME TÉCNICO de arquitectura:

Polo que, estudada a documentación presentada, entendo que as obras solicitadas, sen prexuízo de persoas terceiras e do cumprimento do resto do ordenamento vixente, poderían ser **COMPATIBLES** coa protección do patrimonio e a conservación dos valores do Camiño **co**





cumprimento das seguintes condicións:

- ➔ As características estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes co contorno e coas edificacións tradicionais da zona. Os elementos metálicos terán un acabado mate e sen brillos. Prefírese a cor gris clara ou media para os elementos de iluminación por produciren menor contraste e destacaren menos no contorno. Tamén se poden utilizar outras cores neutras e en coherencia co resto de instalacións de iluminación pública existentes en ámbitos adxacentes.
- ➔ Dimensionaranse os elementos das redes urbanas de instalacións considerando posibles ampliacións, co gallo de que a intervención nestes contornos sexa definitiva.
- ➔ Os elementos de rexistro e de enlace colocaranse ordenadamente. De seren moi grandes, acabaranse preferentemente co mesmo pavimento, no lugar de ser unha tapa de acabado metálico ou de formigón. Os cadros eléctricos ou outros elementos de instalación que non queden soterrados levarán o correspondente tratamento de integración no contorno. O novo cuadro de iluminación indicado no orzamento non se disporá nas proximidades da ponte histórica 'A Marca do Rei' nin do Viaduto do Ferrocarril.
- ➔ Se se atopasen lousados ou outros elementos que puidesen ter interese comunicárase á DXPC, que propondrá novas medidas protectoras e correctoras.
- ➔ Evitarase realizar o amoreamento de materiais a carón da traza do Camiño Portugués, para evitar interferencias funcionais e impactos visuais.

5.-DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN _INFORME TÉCNICO DE ARQUEOLOXÍA:

1.-Teño en conta para redactar este informe a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, -en diante LPCG, publicada no DOG núm. 92, do 16.5.2016. Teño tamén en conta o Decreto 199/97, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm.150, do 6.8.1997).

2.- Parte das obras proxectadas sitúanse no territorio histórico do Camiño Portugués de Santiago pola Costa. Esta ruta xacobeá figura protexida no catálogo do Plan Básico Autonómico que foi aprobado polo Decreto 83/2018, do 26.7.2018 (DOG núm.162, do 27.8.2018). Segundo o artigo 75 da LPCG, ten a consideración de ben catalogado coa categoría de territorio histórico. Asemade sitúase no contorno de protección de varios bens patrimoniais.



3. Segundo consta na memoria do proxecto, o obxecto é a revitalización dun espazo público degradado. Parte dun proxecto anterior, proxecto básico xeral, agora modificado e detallado a nivel de proxecto de execución a fase 7 de dito proxecto. A zona de actuación comprende a marxe oeste do río Maceiras, rúa Salgueiral e continuación norte avenida Ernestina Otero, e rúa das Cardosas ata estrada N-550, rúa transversal a Salgueiral en dirección oeste. As actuacións contempladas son: actuacións previas, demolicións, acondicionamento do terreo, cimentacións e estruturas, acabados, firmes e pavimentos, instalacións, cerraxería, xardinería, sinalización e equipamento. As **principais accións de obra con afeccións ao subsolo son:**

Actuacións previas: Transplantes de árbores e arbustos, desmonte de mobiliario urbano e farolas, talla de árbores e retirada de cachopas.

Demolicións: Dos diferentes pavimentacións e cimentos de formigón, de imbornais, de arquetas, da rede eléctrica existente.

Acondicionamento do terreo: Rozas e limpeza como profundidade mínima de 25 cm como medios mecánicos; escavación a ceo aberto con medios manuais e mecánicos ata cota necesaria (50-65 cm e 2,6 m para arqueta en fonte lúdica); bases de grixo (15-25 cm); gabias para instalacións (lonxitude 150 m, anchos 0,60-1 m e altura 0,80-1,5 m) e cimentacións varias (altura 0,92-1,2 m e zapatas de 0,40 m); 1 pozo para instalacións (diámetro 1, alto 2 m), arqueta de fonte (3x2x2,6 m); formación de soleira de formigón Cavity de 75x50x70 cm para escenario.

Cimentacións: cimentacións varias, zapatas corridas (alto de 0,40 m), dados cimentación para báculos (1,1x1,0,80 m); pozos de rexistro (diámetro de 0,80 m e 1,6 m de altura);

Instalacións: Conexións a rede de saneamento, colectores e arquetas de 60x60x60 cm e 50x50x50 cm; drenaxe; instalación de rego; instalación eléctrica, canalizacións e arquetas de 60x60x85 cm; acometidas gas; instalación alumeadado, gabias e arquetas de 40/50/60x40/50/60x40/50/60 cm.

4.0 ámbito da obra presenta as seguintes afeccións ao patrimonio cultural:

-A zona sur sitúase no contorno de protección de *Convento de Agrelo - Convento de Vilavella, Igrexa parroquial de Vilavella e convento Justiniano e Cruceiro da Praza de Pontearreas*. O Convento de estilo renacentista, foi fundado a principios do s. XVI. Da súa traza orixinal conserva a igrexa, e completa o conxunto o cruceiro da praza. As edificacións figuran protexidas nas NSP do Concello de Redondela e no catálogo do PBA. Ademais no linde das obras, na traza do Camiño de Santiago existe unha ponte histórica (non catalogada) denominada A Marca do Rei. No Estudo Histórico de Conformación do espazo vinculado ao Convento de Vilavella de 2021, realizado polo arqueólogo Xurxo Constela Doce (antecedentes no exp. 2020/0721), a describe como segue:

“Para salvar a depresión do río Maceiras a actual estrada de Vigo transcorre sobre unha ponte histórica recoñecida como “A Marca do Rei” por ter a ámbolos dous lados da vía dous “escudos”ou “pantallas” sen labrar, so conta cun breve epígrafe un deles.

A ponte actual conta cun so arco pero despréndese dunha vella acuarela realizada polo inglés G Vivian que a estrutura sería máis complexa e podería contar incluso con catro arcos.

A ponte actual ten en torno a 23 m. de lonxitude entre estribos e 8 m. de anchura, e conta cun arco amplo de medio punto de 8,50 m. de ancho e unha altura de entre 2 e 3 m. A ponte conta cun



peitoril de pedra a cada lado de 70 cm. de alto. A ponte carece de beirarrúas para o paso de peóns e recentemente foi construído por fóra da ponte, na súa cara norte, unha estrutura de madeira que fai de paso para camiñantes.

As pantallas representan “leguarios” da vía ou camiño real a Porriño dende Redondela. Pódese apreciar que as pedras están gravadas sobre unha capa antiga de cal, con luz axeitada pódese ler, na situada na vertente norte, “...REYNANDO - EL SEÑOR...” E na situada na vertente sur “AÑO MDCCCVII”. Polo que podemos concluír que a data da construción coincidindo co epígrafe sería 1807. O nome do rei está picado ao igual que varias liñas máis do epígrafe que consideramos podería ser o mesmo nunha e noutra das pantallas da ponte (...).

Os camiños reais planificados pola monarquía borbónica no “Real Decreto expedido para hacer caminos rectos y sólidos en España, que faciliten el comercio de unas provincias con otras, dando principio por las de Andalucía, Cataluña, Galicia y Valencia” no 10 de xuño de 1761, non comezan a construírse en Galicia ata o goberno de Carlos IV.”

Esta ponte é un elemento funcional do Camiño de Santiago e posúe un significativo valor arquitectónico (artigos 74 e 88 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia). A obra no afectará a este elemento.

-A zona norte das obras está afectada polo contorno de protección do *Viaducto de Madrid / Viaducto do ferrocarril*, catalogado nas NSP do Concello de Redondela e no PBA.

-Na publicación *Los Caminos medievales de Galicia* (1988, E. Ferreira), indícase que A vila de Redondela foi na idade Media un importante porto. O estuario flanqueábase por unha pequena ponte que partía a vila en dous a “Vila Vella” na beira esquerda e a “Vila Nova” na dereita. Tiña servizos hospitalarios, unha albergaría e unha leprosería. Da Vila Vella saía un camiño cara Novelle (sueste) e outro cara Angorén e Trasmañó (sudoeste).

-Ademais, a documentación existente apunta a que no trazado de vías históricas habería coincidencias entre a paso do Camiño de Santiago e o da vía romana XIX, nos seus transcurso polo concello de Redondela. Entraría no núcleo urbano de Redondela a carón do Convento de Vilavella e atravesaría a Praza da Farola e as rúas Queimaliños e A Picota abandonando o núcleo a carón da capela das Angustias ou de Santa Mariña.

No Estudo Histórico de Conformación do espazo vinculado ao Convento de Vilavella antes mencionado, indícase que “Entre o río Maceiras e o convento atopamos un amplo espazo recoñecido co topónimo de Arañol (ou “Detrás do Convento” nalgún documento). Na marxe oeste do río actualmente hai construído un longo paseo peonil que transcorre ao longo da canle e da depresión do Maceiras. Neste lugar moi achegado ao convento existía, ata a reforma da estrada N550 no desvío cara aos Valos dende a rotonda da Estrada de Vigo, un muíño histórico coñecido como Muíño do Arañol, destruído ao facer unha ponte para salvar o río na reforma da estrada”.

5.Consonte ao artigo 30 da LPCG, os bens inmobles que polo seu interese cultural se recollan individualmente singularizados nos instrumentos de plan urbanístico e ordenación do territorio, intégranse no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, incluído, de ser o caso, o seu contorno de protección. Segundo a disposición adicional 3ª da lei, os catálogos do plan xeral municipal ou do plan de desenvolvemento terán a consideración de normativos no referido ás actuacións e condicións de protección, e definirán os tipos de intervención posible e o nivel de protección de cada ben incluído neles, así como as determinacións específicas que se consideren necesarias.



6. Segundo o artigo 39, as intervencións que se pretendan realizar en BIC ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que se establecen nesta lei.

7. Conforme ao artigo 74, o conxunto de rutas dos Camiños de Santiago está constituído por vías de dominio e uso público, os seus elementos funcionais e o territorio que o define. Son elementos funcionais dos Camiños de Santiago os que forman parte da súa fisionomía como peches, muros, cómaros, valos, pasos, pontellas, pontes, fontes, lavadoiros ou espazos similares, así como os destinados a súa conservación e servizo e os que sexan necesarios para o seu uso.

8. Segundo o artigo 77, as obras e actividades no ámbito delimitado dos Camiños de Santiago serán compatibles coa conservación e protección dos seus valores propios, e como criterio xeral deberán manter as características principais do territorio que conforman, o que supoñerá, preferentemente, manter os núcleos tradicionais e as actividades agropecuarias e forestais. En ningún caso a utilización dos Camiños de Santiago nin a dos seus elementos funcionais poderá supoñer un perigo de destrución ou deterioración ou realizarse de forma incompatible cos seus valores culturais.

9. Segundo artigo 96 da LPCG, a realización de obras de edificación ou calquera outra actuación que comporte a remoción de terras nunha zona arqueolóxica ou no seu contorno, requirirá a previa autorización da consellaría competente en materia de patrimonio cultural. Asemade, cando, como requisito previo para a realización de calquera tipo de obra que afecte un monumento, conxunto histórico, zona arqueolóxica ou xacemento declarado de interese cultural ou catalogado, a consellaría competente en materia de patrimonio cultural ou a figura de planeamento vixente determinen a necesidade de realizar intervencións arqueolóxicas, a persoa ou entidade promotora deberá presentar un proxecto de actividade arqueolóxica conforme ao contido desta lei. Será necesaria a autorización previa da consellaría competente en materia de patrimonio cultural para a realización das actividades arqueolóxicas a que se refire esta lei. En base ao establecido no artigo 98 da mesma lei, ao outorgar as autorizacións que afecten o patrimonio arqueolóxico, a consellaría competente en materia de patrimonio cultural velará pola conservación *in situ*, sempre que sexa posible, das estruturas arqueolóxicas.

10. A *Guía para a protección do Camiño de Santiago* (para o camiño Francés, Xunta de Galicia 2012), indica que, con carácter xeral, manterase a integridade do Camiño de Santiago coas características propias de cada tramo en canto a pendentes, rasantes, pavimentos e elementos anexos existentes, tradicionais ou naturais (fontes, vexetación, muros, etc), evitando introducir outros que transformen o seu carácter ou que sexan impropios da zona. Asemade, as redes de infraestruturas proxectaranse producindo o menor impacto no patrimonio e procurando a súa máxima integración ambiental, estética e funcional.

11. No PBA no que atinxe á instalacións dos servizos soterrados, establece no seu artigo 54 que se



tratará de evitar afectar os bens integrantes do patrimonio arqueolóxico e adoptar as medidas protectoras e correctoras adecuadas para minimizalas. O artigo 153 establece que nos ámbitos de protección de patrimonio cultural as infraestruturas de servizos deberán adoptar formas que sexan congruentes no ámbito do ben patrimonial e non supoñan unha agresión ambiental, visual ou paisaxística que poida desvirtuar o elemento protexido.

12. Todos estes criterios indicados a respecto destas infraestruturas de enerxía eléctrica e as propostas que se fan neste informe veñen sendo avalados polo Consello Asesor dos Camiños de Santiago.

13. Parte das obras localízanse no contorno de protección dos bens patrimoniais *Convento de Agrelo-Convento de Vilavella e Igrexa de Vilavella e Convento Xustiniano*, edificacións datadas no s. XVI e tamén próximas á ponte histórica *A Marca do Rei*, sendo de interese ademais as transformacións que a vila experimenta dende o medievo ao longo da historia, polo que as remocións de terra a realizar deberán contar con **supervisión arqueolóxica**.

6.- O día 05-03-2024 asínase INFORME TÉCNICO de arqueoloxía:

De que, sen prexuízo de terceiros e do cumprimento do resto do ordenamento vixente, dende o punto de vista arqueolóxico, e segundo o explicado nos puntos 4 e 13, considero as obras solicitadas **COMPATIBLES** coa protección e a conservación do Camiño de Santiago, **coas seguintes medidas protectoras e condicións de obrigado cumprimento:**

- ➔ As obras a realizar con afeccións ao subsolo, en relación os elementos patrimoniais mencionados (punto 13), teranse que realizar baixo **control arqueolóxico, presencial, continuo e a pé de obra**. Esta actividade enténdese, segundo o artigo 95 da LPCG, como a supervisión por parte de persoal técnico competente (arqueólogas/os) dun proceso de obras que afectan un espazo de interese arqueolóxico, para establecer as medidas oportunas que permitan a conservación e/ou a documentación, se é o caso, das evidencias ou elementos de interese arqueolóxico que aparezan no transcurso daquelas. **Requiren a autorización previa da DXPC**, segundo establece o artigo 96 da lei e mais o Decreto 199/1997 polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- ➔ **O ámbito obxecto de control arqueolóxico** sitúase na zona sur da obra, dende o comezo da rúa Salgeiral, inmedito á Ponte A Marca do Rei, ata a confluencia coa rúa das Cardosas.
- ➔ **A extracción de terras durante o control arqueolóxico faranse ao ritmo que marque o persoal técnico autorizado (arqueóloga/o)** para realizar unha correcta documentación e rexistro da estratigrafía e dos posibles achados arqueolóxicos.
- ➔ **De apareceren restos arqueolóxicos**, comunicarase decontado á DXPC, que indicará as





medidas protectoras e correctoras que estime oportunas.

- **As áreas destinadas a amarear material**, paso de maquinaria, colectores de residuos e estacionar os vehículos vinculados coas obras situaranse fóra do Camiño de Santiago e apartados da visión dende este, así como fóra dos contornos de protección dos elementos de patrimonio cultural.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS:

É de aplicación na tramitación e resolución do expediente o disposto nas seguintes disposicións normativas:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativa común das Administracións públicas.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paixase de Galicia.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia.
- Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Decreto 199/97, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm.150, do 6.8.1997).
- Decreto 83/2018, do 26 do Plan básico autonómico de Galicia.
- **Decreto 83/2018, do 26 do Plan básico autonómico de Galicia, en relación co artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia:**

Artigo 30. Catálogos urbanísticos de protección de bens integrantes do patrimonio cultural.

1.- *“Os bens inmobles que, polo seu interese cultural, se recollan individualmente singularizados nos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio, intégranse no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, incluído, de ser o caso, o seu contorno de protección, salvo que teñan a consideración de bens de interese cultural”.*

- **Artigo 10.1.i) en relación á Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia:**
“Territorio histórico; o ámbito no que a ocupación e as actividades das comunidades ao longo da súa evolución histórica caracterizan un ámbito xeográfico relevante polo polo seu interese histórico,





arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial ou científico ou técnico.”

- **Artigo 75.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia:**

“O resto das rutas dos Camiños de Santiago a que se refire o artigo 73.2 terán a consideración de bens catalogados, coa categoría de territorios históricos, sen prexuízo de que, por acordo unánime dos concellos polos que discorre, se solicite á consellería competente en materia de patrimonio cultural a incoación da súa declaración como ben de interese cultural, ou da posible incoación de oficio pola propia consellería competente en materia de patrimonio cultural.”

- Decreto 93/2017, do 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
- Decreto 119/2022, de 23 de xuño polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- As demais normas de aplicación, nomeadamente as referentes ao réxime do solo e á ordenación urbana en relación coa protección e a conservación do Patrimonio Cultural, e moi particularmente as Directrices de Ordenación do Territorio, aprobadas polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro.
- O artigo 39 da LPCG, establece que as intervencións que se pretendan realizar en BIC ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de Patrimonio Cultural, coas excepcións que se establecen na Lei.
- Estas autorizacións teñen carácter independente de calquera outra autorización, licenza ou trámite previo á execución das intervencións.
- A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural é competente para resolver este expediente segundo o artigo 30.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia, e o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.





De acordo co indicado, e á vista dos informes técnicos, **RESOLVO:**

Autorizar as obras descritas no Proxecto de reurbanización da rúa das Cardosas, rúa Salgueiral e a súa continuación pola avenida Ernestina Otero, de xuño de 2023, en Vilavella, no concello de Redondela (Pontevedra), e situadas en parte no ben catalogado territorio histórico do Camiño Portugués de Santiago pola Costa, **co cumprimento obrigado das condicións establecidas no punto 4 (Informe Técnico de arquitectura) e as medidas protectoras e condicións establecidas no punto 6 (Informe Técnico de arqueoloxía), desta Resolución.**

María del Carmen Martínez Insua.

Directora Xeral do Patrimonio Cultural.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante esta Consellería de Cultura, Educación e Universidade no prazo un mes, de conformidade có disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e co artigo 23.3.c da Ley 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

